

TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 23/12/20

Data final de exposición: 28/12/20

O Porriño, o 23 de dezembro de 2020

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DO CONCELLO DO PORRIÑO.

1ª.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria e bases é a urgente selección e nomeamento, polo sistema de concurso-oposición, dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL); subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, segundo a Orde do 15 de outubro de 2020, pola que se establecen as bases da subvención, publicada no DOGA NUM.219 o venres 30/10/20 (procedemento TR351B). O nomeamento obxecto da selección queda supeditado á concesión de dita subvención.

Realizada dita selección, comunicarase á Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, a incorporación desta persoa a efectos de dala de alta, en tempo e forma, na aplicación XATEmprego.

De conformidade co artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TRLEBEP) e no artigo 23 2.c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG) a persoa seleccionada, será nomeada funcionario/a interino/a, asimilado ao grupo A, subgrupo A2, axente de emprego e desenvolvemento local, para a execución do "Programa de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, convocatoria para o ano 2020" referido na citada Orde, de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes.

2ª.- Duración e cese do nomeamento interino.

O/A funcionario/a interino/a nomeado para a execución do devandito programa que terá unha duración determinada de 12 meses cesará coa finalización do mesmo.

Tamén cesará polas causas previstas no artigo 10 e 63 do TRLEBEP e artigos 24 e 64 da LEPG, ou por calquera outra causa de perda de relación de servicio prevista na normativa de aplicación aos empregados públicos, cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento.





Concello do Porriño

3ª.- Incompatibilidades.

Ao persoal nomeado seralle de aplicación a normativa vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servicio da administración pública.

4ª.- Definición e funcións a realizar pola persoa contratada como axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL).

Na Orde do 15 de outubro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, reguladora das bases da subvención, publicada no DOGA num.219 o venres 30/10/20; define ao AEDL como persoal contratado das entidades locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial.

Esta colaboración na implantación das políticas activas de emprego desenvolverá a entidade contratante, para o que as persoas contratadas como AEDL analizarán a evolución e repercusión das medidas activas de emprego na súa zona de actuación, facilitándolle información puntual a aquela e colaborarán co resto dos integrantes da rede, na procura da mellora da súa calidade, intercambiando coñecementos e experiencias, así como desenvolvendo actividades e proxectos conxuntos.

As persoas contratadas como AEDL realizarán as seguintes funcións:

- a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.
- b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.
- c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.



Cod. Validación: 97WTRKEGEF6XR3EEH33DXCHY | Correción: https://porriño.sedelectronica.gal/ | Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona.es|Páxina 2 a 16



Concello do Porriño

d) Apoio ás persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándooos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

e) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

5ª.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión coma funcionario/a interino/a para execución do devandito programa:

a).-Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do TRLEBEP e 52.1 e 2 da LPGA relativos ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea. (Acreditaranse mediante a presentación de copia do DNI ou do pasaporte vixentes).

b).-Ter cumplidos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. (Acreditarase de igual forma que o apartado a).

c).-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do nomeamento obxecto destas bases. (Acreditarase con declaración responsable).

d).-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inabilitada. (Acreditarase con declaración responsable).

No caso de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, non estar inabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores. (Acreditarase con declaración responsable):

e).-Non estar incuso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas e no TRLEBE. (Acreditarase con declaración responsable).



Cod. Validación: 97JWTKEGJF0XR3EEH133DX2HY Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 3 a 16



Concello do Porriño

f).- Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes da seguinte titulación académica:

Licenciatura universitaria, grao universitario ou diplomatura.

Conforme a disposición transitoria quinta da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego pública da Galicia, considerarase equivalente ao título de Diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

(Acreditarase mediante copia do correspondente título ou, no seu caso, do resgarde de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.)

g).-Ser persoa demandante de emprego, ocupada ou non, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 15 de outubro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, reguladora das bases da subvención, publicada no DOGA num.219 o venres 30/10/20. (Acreditarase con documento xustificativo expedido polo Servicio Público de Emprego de Galicia).

h).-Ter ingresado na conta IBAN ES55 2080 5054 02 31 1001 7139 que o Concello do Porriño ten aberta en ABANCA Corporación Bancaria, S.A a cantidad de 23,89 euros en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal deste concello. No xustificante de aboamento, que se deberá achegar coa solicitude, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a denominación: Selección axente de emprego e desenvolvemento local. (En ningún caso a mera presentación do xustificante do pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude).

6ª.- Publicación das bases.

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño; sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, na sección Porremprego.

7ª.- Solicitudes.

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá formular unha solicitude dirixida a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño conforme ao modelo do ANEXO II desta convocatoria e bases, ou de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), manifestando na mesma que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 5ª e que os accredita mediante a presentación da seguinte documentación:

-Copia do DNI ou pasaporte vixentes.



Cod. Validación: 97JWTEGEUF6XR3EEH33DXHY | Corrección: https://oporrino.gal/ePublico | Páxina 4 a 16
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño

- Copia do Título universitario ou, no seu caso, do resgarde de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial da secretaría do organismo docente correspondente de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Orixinal das declaracíons de responsabilidade de cumplir os requisitos sinalados na base 5ª, apartados c), d), e).
- Copia do CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento de lingua galega (base 10.- Segunda proba).
- Copia do documento acreditativo de ser demandante de emprego, ocupado ou non inscrita no Servizo Público de emprego de Galicia.
- Xustificante do pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo.
- Copia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).
- Copia dos documentos que acrediten os méritos alegados na fase de concurso.

As solicitudes presentaranse por sede electrónica (oporrino.sedelectronica.gal/) ou no rexistro xeral do concello do Porriño en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres e durante o prazo de **CATRO** días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Faro de Vigo.

Tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello e dado o carácter urxente destas bases e os prazos previstos nas mesmas faise necesario que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ó número 986 33 58 50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Aqueles aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, a seguinte:

- a) Solicitalo de modo expreso na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.
- b) Achegar fotocopia compulsada de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de minusvalía competente, acreditando de forma fidedigna a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grado de minusvalía recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións



Cod. Validación: 97JWTKEGJF6X3EEH33QX2HY | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 5 a 16



Concello do Porriño

solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

8ª.- Admisión de aspirantes.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión; así como a designación, lugar e a data da constitución do tribunal do proceso de selección e a data, hora e lugar do comezo da proba da fase de oposición.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección Poremprego; concedéndose o prazo **dun día hábil** contado a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, no seu caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Rematado o prazo anterior, a Sra. Alcaldesa ditará resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo. Esta resolución publicarase igualmente no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección Porremprego.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

9ª.- Tribunal de selección.

O tribunal de selección estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vocais e quedará integrado polas persoas que designe a alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 97JWTRKEGF6XR3EH33DX2HY Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/ Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 16



Concello do Porriño

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación nin por conta de ningúen. A composición do tribunal será predominantemente técnica e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e estes deberán posuir titulación ou especialización igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador as persoas de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Os membros do tribunal deberán abstenerse de intervir, comunicándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario coa fin de que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as do resto de aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Aos membros e asesores que asistan ás sesións do tribunal, aboáráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.



Cod. Validación: 97JW1KEGUFXRSEEH3DX2HY Correción: <https://oporio.seadlectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 7 a 16

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño

10ª.- Fases do proceso e puntuación máxima.

10ª.1.- Fase de Concurso (máximo 4 puntos).

Os aspirantes deberán presentar copia da documentación acreditativa dos méritos alegados, segundo se establece no seguinte baremo:

A.- Experiencia laboral: (máximo 2 puntos):

A.1.-Como axente de emprego de desenvolvemento local en concellos: 0,10 puntos por mes.

A.2.- Como axente de emprego de desenvolvemento local noutras administracións públicas: 0,05 puntos por mes.

Para acreditar os servizos prestados é imprescindible a presentación de certificados expedidos pola Administración. A ausencia total ou parcial de documentación acreditativa dos méritos dará lugar a que o tribunal non valore os mesmos.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

B.-Cursos de formación extra académicos (máximo 2 puntos):

Cursos monográficos de desenvolvemento local ou proxectos de emprego, e nos que se expedira diploma, certificación de asistencia ou de aproveitamento, expedidos por Administracións Públicas ou outros organismos oficiais, segundo o seguinte baremo:

B.1.-Cursos de 100 ata 300 horas: 1 punto.

B.2.-Cursos de máis de 300 horas: 2 puntos.

10ª.2. - Fase de oposición (máximo 6 puntos).

A.- Primeira proba.- De carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico proposto polo tribunal, relacionado coas funcións dun/dunha axente de emprego recollidas de acordo ao temario do ANEXO I. Os/as aspirantes disporán do tempo que determine o Tribunal para a súa realización. A proba cualificarase de cero a seis puntos, sendo preciso acadar tres puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

B.- Segunda proba .- Coñecemento do galego. Con carácter obligatorio e eliminatorio.

Obrigatorio soamente para os aspirantes que non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego CELGA 4 ou equivalente debidamente



Cod. Validación: 97JWTRKEGEfFXR3EH3D2HY Corrección: https://oporino.sedelectronica.gal/
Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 16



Concello do Porriño

homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia; polo que se realizará ao finalizar o suposto teórico-práctico.

Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuér o título CELGA 4 ou equivalente, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I. (Esta exención haberán de acredítala documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.).

Os aspirantes que non acreditan estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos do proceso selectivo.

Resultado final (Puntuación máxima de 10 puntos)

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida no exercicio práctico da fase de oposición. De persistir o empate este resolverase pola puntuación obtida na fase de concurso pola seguinte orde: 1º a experiencia como axente de emprego en concellos e 2º a experiencia como axente de emprego noutras administracións públicas e de continuar desempatarase mediante sorteio.

Establecida a puntuación final de cada aspirante e resoltos, no seu caso, os empates, o tribunal elaborará unha listaxe destes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente; listaxe que se fará pública, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org; e propoñerá o nomeamento á Alcaldía do aspirante aprobado que obtivera a maior puntuación final.

11º.- Acheva de documentación.

O candidato/a que acade a condición de aprobado/a no proceso selectivo presentará, antes do seu nomeamento coma funcionario interino por programa, que non padece enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das actividades de axente de emprego e

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1/ Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

desenvolvemento local, mediante certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade, sen prexuízo de posterior recoñecemento médico; a Alcaldía resolverá sobre o nomeamento.

De non achegar dita documentación, agás causa de forza maior, ou se da documentación achegada non quedase acreditado que cumplen os requisitos esixidos, decaerá nos seus dereitos, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incorrer por falsidade na solicitude. De darse este suposto sería proposto para o nomeamento o seguinte candidato que por orde de puntuación corresponda.

12ª.- Nomeamento de funcionario/a interino/a e toma de posesión.

Presentada a documentación requirida na base anterior, a Alcaldía nomeará ao aspirante proposto coma funcionario interino para execución do citado programa, de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes.

O nomeamento notificaránsele ao interesado e publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, para que tome posesión.

A toma de posesión efectuaranse dentro do prazo máximo que estipule a resolución de concesión da citada subvención. No acto de toma de posesión o nomeado deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida legalmente. De non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada que deberá ser alegada, xustificada e aceptada o aspirante decaerá nos seus dereitos.

Para o suposto de que a persoa nomeada funcionaria interina, para a execución do citado programa, non se presente a tomar posesión dentro do referido prazo ou unha vez tomada posesión, renunciase ou tivera que ser cesado/a por calquera causa das previstas nestas bases ou na normativa de aplicación ou teña que ser substituído/a por incapacidade temporal, incapacidade permanente, maternidade ou outras causas similares, ou tamén cando se dea algunha das circunstancias previstas no TRLEBEP ou na LEPGA, para nomeamentos de interinos, etc., a Alcaldía, no seu caso, poderá realizar un novo nomeamento co seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda da citada relación (que actuará de lista de reserva) e ata que se incorpore o substituído ou finalice a causa que motivou a convocatoria, ou se dean as causa de cese previstas nestas bases.

13ª.- Cese.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 37JWTKEGEJFXRSEEH3D2HY | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 16



Concello do Porriño

Dado o obxecto destas bases e da súa convocatoria o/a aspirante designado/a cesará quedando revocado o seu nomeamento, amais de polas causas de perda da relación do servicio previstas no TRLEBEP e na LEPGA, cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento.

14ª.- Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

15ª.- Réxime xurídico.

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/1.995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servicio da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración; Decreto 95/1.991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servicio da Administración autonómica de Galicia, Lei 53/1984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Persoal ao Servicio de las Administracións Públicas, e demás disposicións concordantes e de xeral aplicación.

16ª.- Incidencias e impugnación.

O Tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presente e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requeridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cants actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo



Cod. Validación: 97JWTKEGEJF6XR3EEH3DZHY | Corrección: https://oporno.sedelectronica.gal/ Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 16



Concello do Porriño

Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa segundo corresponda.

17ª.- Datos de carácter persoal.

Os/As interesados/as autorizan ao Concello do Porriño á publicación, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, sección Porremprego; dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexa necesarios publicalos de conformidade con estas Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO I. Temario

A) MATERIAS COMÚNS:

TEMA 1.- Dereitos e liberdades na Constitución Española de 1978.

TEMA 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e Título Preliminar. A reforma.

TEMA 3.- O municipio, organización e competencias.

TEMA 4.-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: Disposicións xerais. A capacidade de obrar e concepto de interesado.

TEMA 5.-Lei 40/2015, de 1 de outubro. de réxime xurídico do sector público: Disposicións xerais.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

TEMA 1.- A empresa: concepto. As pemes.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 97JWTRKEGEUF6XR3EEH33D2HY Correción: https://oporrino.sedelectronica.gal/ Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 16



Concello do Porriño

- TEMA 2.- O emprendedor: cualidades e requisitos. Formas de acceso á actividade empresarial. O proceso de creación de empresa.
- TEMA 3.- O empresario individual.
- TEMA 4.- As sociedades civís.
- TEMA 5.- As comunidades de bens.
- TEMA 6.- As sociedades de responsabilidade limitada.
- TEMA 7.- As sociedades anónimas.
- TEMA 8.- As sociedades limitadas nova empresa.
- TEMA 9.- As sociedades cooperativas en Galicia: rexistro, constitución, órganos da sociedade, réxime económico, modificación dos estatutos, disolución e liquidación.
- TEMA 10.- Principais modalidades de contratación laboral.
- TEMA 11.-As empresas de traballo temporal.
- TEMA 12.-Pincipais fontes de financiación da empresa.
- TEMA 13.- As políticas activas de emprego.
- TEMA 14.- O Plan integral de Emprego.
- TEMA 15.- As iniciativas locais de emprego.
- TEMA 16.- Programas de escolas obradoiro, casas de oficios e unidades de promoción e desenvolvemento.
- TEMA 17.- Programas de obradoiros de emprego.
- TEMA 51.- Programas de cooperación coas entidades locais.
- TEMA 18.- Programas de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- TEMA 19.- Medidas activas de emprego da Xunta de Galicia: auto emprego.
- TEMA 20.- Medidas activas de emprego da Xunta de Galicia: economía social.
- TEMA 21.- Medidas activas de emprego da Xunta de Galicia: fomento da contratación por conta allea.
- TEMA 22.- Medidas activas de emprego da Xunta de Galicia: conciliación da vida laboral e familiar.
- TEMA 23.- Os pactos territoriais de emprego.
- TEMA 24.- A Lei de Prevención de Riscos Laborais.



Cod. Validación: 97JWTR3EGEJF6XR3EH33DX2HY Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/

Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 13 a 16

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño

ANEXO II. Solicitud

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN, DUN/HAXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL.

D./Dna.....
nº....., con domicilio en....., Código Postal..
e....., con....., e.....
Concello.....
....., teléfonos....., e.....
dirección....., de....., correo.....
electrónico.....
ante o Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño,

1º) Declara expresamente: Que reúne os requisitos esixidos para o ingreso á función pública e os especialmente sinalados nas bases que rexen o proceso, polo sistema de oposición, para a urgente selección e nomeamento dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local, como funcionario/a interino/a, asimilado/a ao grupo A, subgrupo A2, para a execución da subvención "Programa de cooperación no ámbito de

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, convocatoria para o ano 2020", de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes.

2º) Achega coa presente:

Copia do Documento nacional de identidade ou pasaporte vixentes.

Copia do Título universitario ou, no seu caso, do resgado de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial da secretaría do organismo docente correspondente de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.

Orixinal das declaracíons de responsabilidade de cumplir os requisitos sinalados na base 5ª, apartados c), d), e).

Copia do certificado de lingua galega CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Copia do documento acreditativo de ser demandante de emprego no Servizo Público de emprego de Galicia.

Xustificante de ter ingresado na conta nº ES55 2080 5054 02 3110017139 que o Concello do Porriño ten aberta en ABANCA Corporación Bancaria, S.A (sucursal do Porriño) a cantidad de 23,89 euros en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal deste concello. (base 4ª).

Copia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social.

Copia dos documentos que acrediten os méritos alegados na fase de concurso.

Por todo o exposto, **solicita**: Ser admitido/a ao devandito procedemento de selección.

O Porriño, de de 2020

Asdo.



Cod. Validación: 97JWTKGEIf6XR35EiI3D2HY Correción: https://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 16

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



SRA. ALCALDESA -PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO (Pontevedra)

Documento asinado dixitalmente na marxe.



Cod. Validacion: 97WTKEGEUF6KR3EEH33DXHY Correcion: https://oporriño.sedelectronica.gal/

Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 16

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579